

---

## Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (I)\*

---

Mariña Arbor Aldea  
Universidade de Santiago de Compostela

### Resumo:

Neste artigo ofrécese unha revisión histórica e crítica do labor ecdótico realizado no ámbito da lírica profana galego-portuguesa desde os seus inicios, a comezos do século XIX, ata a década de 1960, momento en que a denominada “escuela italiana” comeza os seus traballos. O estudo contempla as edicións inaugurais desta tradición poética, preparadas nos anos que seguiron ao descubrimento dos primeiros manuscritos –Stuart, Moura, Varnhagen–, a edición en Italia e en Portugal no último cuarto do século XIX –Monaci, Molteni, Braga–, o contributo dos grandes mestres –Michaëlis, Lang e Nobiling–, as publicacións motivadas polo achado de novos relatores, a comezos do século XX –M, P, R–, a edición en Portugal no período de entreguerras –Nunes–, as primeiras edicións dedicadas á lírica dos trobadores en territorio galego, o labor ecdótico en América –Carter, Ferreira da Cunha– e a edición no ámbito lusitano e galego con posterioridade ao estoupido, primeiro, da guerra civil española e, despois, da segunda guerra mundial.

### Palabras chave:

Edición crítica, lírica profana galego-portuguesa.

### Abstract:

*This paper consists of a historical and critical survey of works in the field of textual criticism of Galician-Portuguese Lyric Poetry, from the beginnings in the 19th century until the 1960s, when the so-called ‘Italian School’ began its activity. The survey covers the inaugural editions of Galician-Portuguese poetry published in the years following the discovery of the first MSS. (Stuart, Moura, Varnhagen), the work carried out in Italy and Portugal in the last quarter of the 19th century (Monaci, Molteni, Braga), the contributions of the ‘great masters’ (Michaëlis, Lang, Nobiling), the output following the discovery of new MSS. (M, P, R), the editorial activity in Portugal between the wars (Nunes), the earliest works on Galician-Portuguese trobador lyric published in Galicia, the works of textual criticism carried out in North and South America (Carter, Ferreira da Cunha) and, finally, the editions published in Portugal and Galicia in the period following the Spanish Civil War and WW II.*

### Key words:

Critical editions, Galician-Portuguese Lyric Poetry.

---

\* Os datos expostos neste traballo son froito parcial dos estudos que desenvolve a autora no marco dos proxectos de investigación *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos II* (FFI-2011-25899) e *El debate metaliterario en la lírica románica medieval* (FFI2011-26785), que reciben o apoio económico do Ministerio de Economía e Competitividad.

## 1.

Desde que nos albores do século XVIII se descubriu o primeiro manuscrito que transmitía textos da lírica profana galego-portuguesa, foron múltiples os traballos que, seguindo criterios diferentes, abordaron a edición desta tradición poética. En edicións paleográficas, críticas, interpretativas, por cancioneiros, grandes xéneros ou autores particulares, todas as pezas que integran o acervo lírico dos trobadores do occidente ibérico contan con edición dispoñible para o público. Non obstante, pouco se escribiu a propósito desta longa tradición editorial, que cobre un arco temporal e xeográfico inmenso –dous séculos de traballo, en espazos e ambientes notablemente diversos– e unha bibliografía inxente, tanto no que ás edicións se refire como aos estudos que nutren e sobre os que se nutren esas edicións. Atendendo a este baleiro, nestas páxinas, puramente introdutorias ao argumento tratado, queremos debuxar as grandes liñas que se seguiron na edición da lírica galego-portuguesa, os núcleos xeográficos e os círculos académicos que impulsaron este labor, bosquexar, nun primeiro balance, que de ningún modo pode ser exhaustivo, o pasado, o percurso e o presente da edición no ámbito de traballo considerado<sup>1</sup>. Dado que, pola súa extensión, debemos segmentar este ensaio, nesta sede abordaremos o labor ecdótico desde as “orixes” ata o momento en que a denominada “escola italiana” inicia os seus traballos, reservando para unha segunda oportunidade a análise do período comprendido entre ca. 1960 e a actualidade.

---

1 A análise que nestas páxinas se recolle non é, nin pode ser, unha análise completa. Parte das edicións inmediatamente accesibles, daquelas que fornecen o diario contacto coas cantigas e que son o piar sobre o que apoian os investigadores o seu labor de edición e de estudo da lírica profana galego-portuguesa. Á marxe quedan as múltiples antoloxías –portadoras, en moitos casos, de notables contribucións á crítica do texto– que achegaron esta tradición poética a tantos e tantos lectores, os comentarios críticos –con puntuais excepcións– que as edicións aquí tratadas mereceron e as centenas de estudos, de diferente natureza e temática, que viron a luz no período cronolóxico considerado e que só se mencionan en casos excepcionais, a título de exemplo ou a modo de ilustración do contexto en que se desenvolveu e se desenvolve o labor ecdótico. Estas limitacións, marcadas pola natureza puramente introdutoria deste traballo, e as insuficiencias que delas se derivan poden completarse coa lectura dos xa clásicos volumes de Michaëlis (1990, II: 1-98), Pellegrini (1939) e Pellegrini / Marroni (1981), así como coa consulta dos números correspondentes do *Boletín Bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval* (1987-, agora dispoñible en <http://www.ahlm.es/Primera.html>) e coa revisión dos datos cargados en *BiRMED, Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=birmed2>), en *BITAGAP, Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses* ([http://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap\\_en.html](http://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_en.html)) ou en *BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega* (<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>). Panorámicas de períodos puntuais dos estudos e edicións de lírica profana galego-portuguesa encóntranse en Stegagno Picchio (1960, 1980), Bertolucci (1981), Amado / Lorenzo Gradín (2000), Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009), Gonçalves (2007), Franco / Vieira / Mongelli (2008) e Vieira (2009).

## 2. Os inicios: Stuart, Moura, Varnhagen

A actividade editorial en materia de lírica profana galego-portuguesa inaugurouse coa saída do prelo, en 1823, da edición do *Cancioneiro da Ajuda (A)* preparada polo diplomático británico Ch. Stuart<sup>2</sup>, que lle ofrecía aos estudosos, seguindo criterios paleográficos, o texto das 260 cantigas que naquel momento contiña o manuscrito descuberto a comezos de 1800 no Real Colégio dos Nobres de Lisboa<sup>3</sup>. Esta edición, que non está exenta de erros de lectura, e que ía acompañada por un breve prefacio en que se describía sumariamente o códice –a denominada *Noticia*–<sup>4</sup>, marcaría o inicio efectivo do coñecemento desta poesía fóra dos círculos eruditos portugueses<sup>5</sup>, que abordaran os primeiros estudos sobre *A*<sup>6</sup>.

A pesar da riqueza e da importancia que revestían as 260 *cantigas de amor* publicadas por Stuart, estas constituían só unha pequena mostra, que se había de ver magnificada polo achado, na década de 1840, do *Cancioneiro da Vaticana (V)*. Do contido deste manuscrito, que saíu á luz tras as investigacións promovidas polo romanista austríaco F. Wolf, e que enriquecía, coas súas case 1200 *cantigas de amor, amigo e escarnio e maldizer*, o xénero cortés que *A* copiaba, daría conta inmediata a crítica.

- 
- 2 O volume de Stuart fornecía a proba definitiva da existencia dunha tradición lírica no occidente da Península Ibérica, unha tradición da que chegaran múltiples referencias indirectas, pero da que nunca se citaba un simple verso ou unha cantiga. Esas referencias mereceron a consideración de Michaëlis (1990, II: 1, 103-134) e, en data máis recente, un detallado estudo de Pulsoni (2006: 285-304).
  - 3 A cronoloxía do achado do *Cancioneiro da Ajuda* e a estrutura que naquela data presentaba o códice, ao que aínda non se incorporaran os denominados “folios de Évora”, fíxose en Arbor Aldea / Pulsoni (2004, 2006) e Arbor Aldea (2008b, 2009), que reúne toda a bibliografía precedente sobre este argumento.
  - 4 Esta *Noticia* completárase posteriormente –arredor de 1824 ou 1825(?)– cunha *Advertencia*, talvez da autoría de T. Lecussan Verdier, en que, ademais de ampliarse, con frecuencia de modo confuso, os datos relativos á materialidade do códice, se condensaban diversas informacións de tipo lingüístico, métrico e literario referidas aos textos. Sobre o volume de Stuart e sobre esta *Advertencia*, léase canto escribiu Michaëlis (1990, II: 5-10) e canto se sinalou en Arbor Aldea / Pulsoni (2006), Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009) e Arbor Aldea (2008a, 2008b, 2009).
  - 5 As revistas especializadas acolleron, entre 1825 e 1842, os comentarios que F. Raynouard, F. Diez ou J. H. da Cunha Rivara fixeron sobre a importancia lingüística e literaria das cantigas reproducidas no volume de Stuart. Independente deste, e elaborado talvez antes, é o traballo de C. F. Bellermann, *Die alten Liederbücher der Portugiesen oder Beiträge zur Geschichte der Portugiesischen Poesie vom dreizehnten bis zum Anfang des sechzehnten Jahrhunderts nebst Proben aus Handschriften und alten Drucken* (Berlin: Dümmler, 1840), en que se publican 21 textos do manuscrito lisboeta. Un comentario detido destes traballos encóntrase en Michaëlis (1990, II: 2, 10-12, 14-15) e Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009).
  - 6 R. Raimundo de Nogueira e A. Ribeiro dos Santos son, respectivamente, os responsables do achado e primeiros escritos relativos ao *Cancioneiro da Ajuda*, que permaneceron inéditos ata datas recentes. En particular, Ribeiro dos Santos había de marcar o camiño das investigacións que se centrarían na lírica profana galego-portuguesa, sobre todo dentro das fronteiras lusitanas (cfr. Arbor Aldea / Pulsoni 2004, 2006, e Arbor Aldea 2008b, 2009).

Así, en 1847 o médico brasileiro exiliado en París C. Lopes de Moura publicaba, talvez a partir dunha transcripción preparada para os efectos –o erudito non debeu ter acceso ao orixinal manuscrito–, os poemas de don Denis, que ían acompañados por unha sucinta anotación e por un breve ensaio introdutorio, en que se expoñían diferentes consideracións relativas ao autor e á súa poesía, á formación e desenvolvemento da poesía portuguesa e da lingua poética, ás características materiais do códice da Biblioteca Vaticana, autores nel contidos e data da súa compilación, e, finalmente, aos criterios seguidos na presentación do texto. Aínda que a edición se caracteriza, entre outros vicios, e en palabras de C. Michaëlis, por “innumeras passagens (...) faltas de sentido, de deturpadas que vão” (1990, II: 17), é de xustiza “conceder-lhe pelo menos o valor relativo que a sua cultura, excepcional pelo que revela de conhecimento das fontes portuguesas e de familiaridade com temas do momento, tais como a recuperação e a valoração dos textos medievais, lhe possibilita” (Vieira 2009: 81)<sup>7</sup>.

Dous anos despois, en 1849, e anticipándose aos obxectivos que entre tanto se marcara a Academia das Ciéncias de Lisboa<sup>8</sup>, vería a luz a edición crítica –en sentido lato– do *Cancioneiro da Ajuda* preparada por F. A. de Varnhagen. No volume do diplomático brasileiro afincado en Portugal, que xa incorpora os poemas copiados nos folios de Évora, e que está dotado dun amplo estudo introdutorio, en que se abordan as cuestións relativas á época de produción das cantigas, autor, características materiais do códice, criterios editoriais, temática das pezas líricas e notas sobre a súa métrica e lingua, os textos preséntanse con notable coidado editorial. En efecto, as cantigas ofrécense seguindo uns criterios de edición ben definidos, que contemplan a división en versos e estrofas, unión e separación de palabras, puntuación, acentuación, uso de apóstrofo, guión, redistribución de maiúsculas e minúsculas e regularización de determinadas grafías, procedéndose, ademais, á emenda das pasaxes consideradas erróneas ou deficientes<sup>9</sup>.

7 A severísima recensión que Michaëlis lle dedicou ao traballo de Moura pódese ler integramente na “Resenha Bibliographica” que inaugura o volume de estudos que acompaña a súa edición de *A* (cf. 1990, II: 16-17); véxase tamén Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009), Franco / Vieira / Mongelli (2008: 191-194) e Vieira (2009: 79-81). Apoiándose nesta edición, que cita en modo máis ca imperfecto, J. M. da Costa e Silva publicou, en 1850, un capítulo dedicado a don Denis no seu *Ensaio biographico-critico sobre os melhores poetas portuguezes* (1850: 51-65), en que tamén se “censuran” determinados aspectos do traballo de Moura.

8 Estes obxectivos pasaban por realizar unha nova publicación dos poemas copiados en *A*, que resultaban inintelixibles, segundo os socios da corporación lisboeta, tal e como os editara Stuart. Con esta finalidade, a Academia encargaría unha copia do cancionero, seguramente a que hoxe se conserva na biblioteca da citada institución, que prepararía antes de 1849 o paleógrafo J. P. da Costa Bastos (cf. Michaëlis 1990, II: 17-20; Arbor Aldea / Pulsoni 2004; Arbor Aldea / Lorenzo Gradín 2009; Arbor Aldea 2008a, 2008b, 2009, e bibliografía citada).

9 Como sinalou no seu día Michaëlis, non lle falta método crítico a Varnhagen, que parte, non obstante, do principio de que todas as pezas compiladas no cancionero son obra dun único autor, don Pedro de Barcelos –idea a que só renunciaría tardiamente (Varnhagen 1868), ante as evidencias fornecidas por

Varnhagen, que proporcionaba con este volume un rico material que había de servir para que autores como F. Wolf (1859), M. Milá y Fontanals (1861) ou F. Diez (1863) analizasen a lírica galego-portuguesa na súa vertente lingüística, literaria e retórica, ocupándose, ademais, das súas orixes, influencias e evolución, con proveitosas achegas para a crítica do texto<sup>10</sup>, aínda publicaría en 1870, e xa establecido en Viena, unha selección de poemas tomados de *V*. Para iso, e co obxectivo de ofrecer unha imaxe diferente daquela, “bastante imperfeita” (Varnhagen 1870: 10), que do apógrafo colocciano dera Moura, serviríase o bibliófilo e diplomático dunha copia da súa propiedade, tirada dun manuscrito de Madrid propiedade dun “Grande d’Espanha” que reproducía *V*, copia que cotexara persoalmente co manuscrito vaticano<sup>11</sup>.

No seu *Cancioneirinho*, que se abre cunha introdución en que se dan detalles sobre o manuscrito de Roma e sobre o de Madrid, sobre os erros de copia e datación do apógrafo vaticano e sobre os resultados da comparación entre *A* e *V*, Varnhagen ofrece unha selección de textos, 50, publicados seguindo os criterios manexados na edición de 1849. Estes, que van acompañados por un capítulo final de notas, son o froito da remodelación do seu proxecto inicial, que pasaba pola publicación completa da copia de *V* que posuía, e que se aprazara polas súas obrigas diplomáticas, primeiro, e polos proxectos da Academia das Ciéncias de Lisboa, nun segundo momento<sup>12</sup>.

### 3. A edición en Italia: Monaci, Molteni. A edición de *V*: Braga

Se ata esta data, 1870, o labor de edición e estudo da lírica profana galego-portuguesa correra a cargo de eruditos e bibliófilos vinculados a Portugal polo desempeño de importantes cargos de representación –este é o caso de Stuart– ou nados en Brasil e vidos a Portugal e ao continente europeo por circunstancias académicas, políticas ou profesionais –Varnhagen, fillo de pai alemán e nai portuguesa e formado, entre outros, no Colégio dos Nobres de Lisboa, estivo ligado ao poder; Moura, de orixe

---

*V*-. Para unha análise en detalle da edición do brasileiro e dos comentarios que mereceu, consúltese Michaëlis (1990, II: 21-23), Pulsoni (2006: 308-309), Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009) e Arbor Aldea (2008a, 2009). Como acontecera coa edición de Moura, o volume de Varnhagen servíulle a Silva para preparar o seu *Ensaio biographico-critico sobre os melhores poetas portuguezes*, en que se extractan algúns textos das *Trovas* e *Cantares*, con graves erros na súa transcripción (cfr. 1850: 66-77).

10 As contribucións apenas referidas analízanse en Michaëlis (1990, II: 23-26) e Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009). Véxase, ademais, a bibliografía recollida nestes traballos.

11 O manuscrito propiedade dun “Grande d’Espanha” mencionado por Varnhagen localizárase en 1983 en América, entre varios códices adquiridos pola Bancroft Library (cfr. Askins 1991, 1993).

12 Cfr. Varnhagen (1870: 1-11). O traballo do brasileiro foi obxecto de comentario por parte de Michaëlis (1990, II: 28-29) e Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009).

brasileira, viviu e publicou toda a súa obra en París<sup>13</sup>-, e de autores que, como Wolf ou Diez, inauguran os estudos de Filoloxía Románica, a década de 1870 vai supor o comezo das análises “científicas” da poesía dos trobadores ibéricos, que levarán a sinatura de filólogos formados, xustamente, no ámbito da romanística.

En efecto, e se ben é certo que nos primeiros anos desta década se publican en Portugal os primeiros títulos dedicados á poesía medieval dun T. Braga que apenas concluíra a súa formación universitaria (1870, 1871, 1872, 1873<sup>14</sup>), as novidades neste ámbito de estudo van chegar, sobre todo, de Italia, país en que se publican, en 1872 e 1873, os dous primeiros traballos de E. Monaci sobre *V* e en que verá a luz, en 1875, a cuidada e pioneira –non só no ámbito da lírica galego-portuguesa; cfr. Gonçalves 2007: 11 e nota 30– edición paleográfica do códice da Vaticana preparada polo que había de ser profesor de Filoloxía Románica da Universidade de Roma e reitor da citada institución, o propio Monaci (Ruggieri 1969: 181-205; Lanciani 1993).

A transcripción deste manuscrito, que ía acompañada de descrición material do códice, consideracións sobre a fonte ou fontes empregadas para a súa preparación, data da súa entrada na Biblioteca Vaticana, escritos previos sobre a colectánea poética, características da copia, bibliografía relativa ao cancionero e xustificación do traballo –“è una riproduzione genuina e quasi direi fotografica del codice, una edizione diplomatica insomma nel più stretto senso della parola” (Monaci 1875: XVI)–, completábase con dous apéndices. No primeiro proporcionábase o “Catalogo di Autori Portoghesi compilato da Angelo Colocci sopra un antico canzoniere oggi ignoto, e riprodotto secondo l’autografo esistente nel Cod. Vat. 3217” (Monaci 1875: XIX), con indicación das equivalencias entre os autores citados na célebre *Tavola e V*; no segundo ofrecíase, por fin, un elenco, aínda hoxe utilísimo, dos principais erros de copia que se aprecian no apógrafo colocciano. Ademais, o profesor italiano acompañaba a transcripción das cantigas dun capítulo en que se recollen numerosas propostas de emenda do texto, con indicación das variantes de *A* fornecidas pola edición Varnhagen, dun índice de abreviaturas e dun índice onomástico, en que se compilan, entre outros, os nomes dos trobadores presentes no manuscrito vaticano<sup>15</sup>.

13 Para a biografía de Varnhagen e marco en que se desenvolven os seus estudos, véxase Pinto-Correia (1993), Franco / Vieira / Mongelli (2008: 191-193, 195-198) e Vieira (2009: 81-83); para Moura, consúltese Veiga (1978), Franco / Vieira / Mongelli (2008: 191-194, 197-198), Vieira (2009: 75-81) e bibliografía contida nestes ensaios.

14 En relación con estes traballos de Braga, véxase Michaëlis (1990, II: 29-33), Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009) e bibliografía citada.

15 Datos complementarios sobre a edición de Monaci achéganse en Michaëlis (1990, II: 38-41), Frascino (1930, que proporciona unha listaxe de correccións á lectura do mestre italiano), Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009) ou Gonçalves (2007: 11-12, 18-19).

Sobre esta edición, que aínda hoxe constitúe un instrumento filolóxico de gran valor en canto é a única transcripción paleográfica que do cancionero se realizou, basearíanse os estudos publicados nos anos posteriores –por Braga (1876, 1877) ou U. A. Canello (1880), entre outros<sup>16</sup>– e a edición interpretativa de *V* preparada polo propio Braga en 1878, un traballo que nace da vontade imperiosa por parte deste de responder ao inxente labor de Monaci, a un deber de reaccionar ante a indiferenza que Portugal mostraba ante o “passado histórico” e, en definitiva, a un “deber de honra nacional” (Braga 1878: VI, IV). Esta edición, que ía precedida por un extenso ensaio, en que se abordaban, entre outras, as cuestións relativas á orixe e difusión da poesía provenzal, sobre todo en ámbito portugués, e ás relacións que o apógrafo colocciano establecería cos outros cancioneros dos séculos XIII e XIV de que se tiña noticia, ofrecía un texto –a pesar das declaracións do propio Braga, que afirmaba que “nenhuma canção resistiu por mais deturpada que estivesse” (1878: VII)– moi insuficiente desde o punto de vista filolóxico, como sinalou en reiteradas ocasións a crítica<sup>17</sup>. Carente de aparato e de notas, e a pesar da “mácula” apenas referida, o contributo do “erudito apaixonado” que foi Braga (Dionísio 1993a: 111) sería, como se verá, amplamente manexado, e constituiría un dos piares sobre os que se asentarían múltiples edicións críticas posteriores.

Coincidindo coa publicación de Monaci descubriase, tamén en Italia, o máis rico dos cancioneros profanos galego-portugueses, o hoxe coñecido como *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal (B)*, que completaba con algo máis de 440 pezas o acervo transmitido por *A* e *V*. A súa edición, preparada por E. Molteni –discípulo de Monaci– seguindo criterios paleográficos, e limitada ás partes non comúns ao códice da Vaticana, vería a luz en 1880, xa morto o seu autor, cunha *Avvertenza* asinada polo propio Monaci en que se describía sumariamente o manuscrito, que fora propiedade do Conde P. A. Brancuti di Cagli<sup>18</sup>.

16 Sobre estes traballos, véxanse as indicacións de Michaëlis (1990, II: 41-44), Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009) e bibliografía citada.

17 É significativo que xa Nobiling, a comezos do século XX, compute a edición de Braga entre as “hoje antiquadas”: “Entre ellas o *Cancioneiro portuguez da Vaticana. Edição critica restituída* por Teophilo Braga, da qual todos os estudiosos da antiga lingua e litteratura ainda hoje têm de recorrer á edición de Monaci. É que faltavam a Th. Braga, quando empreheudeu essa obra, os conhecimentos indispensaveis do idioma e da arte metrica dos trovadores” (1908: 644 e nota 2; véxase agora Vieira 2007: 44 e nota 2). De “precipitada restitución” calificouna Cotarelo Valledor (1934: 131). No que atinxe ás apreciacións da crítica moderna, léanse as palabras que ao volume do portugués lle dedicou Tavani: “Estremamente libera, ricca di fantasiose interpretazioni e ricostruzioni, a volte però ancora utilizzabile con qualche precauzione” (1964: 9; véxase tamén Michaëlis 1990, II: 44-48, Arbor Aldea / Lorenzo Gradín 2009 ou Gonçalves 2007: 22-23).

18 Para unha análise pomenorizada da edición e da *Avvertenza* de Monaci remitimos a Michaëlis (1990, II: 48-53) e a Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009).

O contributo de Molteni, que se constituíu –como a edición de Monaci– nun instrumento de traballo fundamental, sobre o que se habían de basear moitas edicións posteriores que non sempre puideron acceder ao orixinal manuscrito, encontraría un valioso complemento no elenco das variantes rexistradas nas partes comúns a *B* e *V* preparado por J. (Scudieri) Ruggieri (1927). A discípula de C. De Lollis –que en 1887 dedicara un detallado estudo a establecer o autor das cantigas atribuídas en *V* a “El Rey Dom affonso de castella he de leon”– e de G. Bertoni –que en 1917 escribira un breve texto sobre as pastorelas enviadas polos apógrafos italianos e que en 1923 se ocupara do célebre texto de Alfonso X *Vós non trobades como proença*, dirixido a Pero da Ponte– acompañou, ademais, a listaxe apenas referida cunha análise das leccións da que se extraían interesantes consideracións relativas ao antígrafo dos cancioneros italianos.

Coa achega do malogrado discípulo de Monaci quedaban á disposición dos estudosos todos os materiais que daquela se coñecían para a poesía dos *trobadores*, que había de merecer, nos anos sucesivos, ensaios de especialistas da talla de P. Meyer (1876), Braga (1885, 1886), A. Jeanroy (1889), G. Paris (1891-1892), J. Bédier (1896), H. R. Lang (1895, 1899, 1908, 1912, 1929), A. Mussafia (1896), F. Hanssen (1898-1902, 1913-1914), Michaëlis (1880, 1892-1893) ou R. Menéndez Pidal (1919), que analizarían os xéneros líricos nos seus máis diferentes aspectos, incluídos os relativos ás orixes e aos ascendentes galorrománicos desta poesía<sup>19</sup>. Non obstante, esta vía de abordaxe da lírica do occidente ibérico non había de desviar o interese da crítica das cuestións ecdóticas, que coñecerían un impulso notable da man dun pequeno grupo de autores de sólida formación xermánica: C. Michaëlis de Vasconcelos, H. R. Lang e O. Nobiling.

#### 4. Os grandes mestres: Michaëlis, Lang, Nobiling

En efecto, e en paralelo á preparación e publicación das edicións de Monaci e Molteni, comezaba C. Michaëlis de Vasconcelos, nacida e formada na Alemaña que asistira ao desenvolvemento da metodoloxía “lachmanniana”, os seus estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda* e sobre a poesía dos trobadores, que terían froitos granados na edición do códice, que se publicaría en 1904, e nas edicións de autores particulares que verían a luz nas súas célebres *Randglossen*.

---

19 Para un comentario destes estudos, véxase Michaëlis (1990, II: 53-98), Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009) e bibliografía citada. Sobre a edición en Italia volveremos na segunda parte deste ensaio, entroncando os traballos que nese ámbito asinaron autores do prestixio, por exemplo, dun S. Pellegrini cos que comezará a desenvolver a denominada “escola italiana” a partir de 1950.



Publicadas na *Zeitschrift für romanische Philologie* de G. Gröber entre 1896 e 1905<sup>20</sup>, estas “notas marxinais” marcábanse como obxectivo “desobstruír o *Cancioneiro da Ajuda*, para o qual se tornou excesivo o volume de materia” e “esclarecer mellor certas teses, incluídas no volume da *Introdução*, através da discusión detallada de minúcias com elas relacionadas” (Vieira / Rodríguez / Morán Cabanas / Souto Cabo 2004: 109, 110). Establecendo un fértil diálogo cos autores que naquel momento se ocupaban do estudo e da edición da lírica profana galego-portuguesa –particularmente con Diez, De Lollis, M. Pelaez, Lang e Braga; cfr. Vieira / Rodríguez / Morán Cabanas / Souto Cabo 2004: 9-11–, nelas editáronse textos notables pola súa “orixinalidade” –as cantigas que conformarían o denominado “proceso da ama”, pezas de Alfonso X, a famosa “guarvaia” ou o cancionero de Afonso Sanchez, entre outros–, con frecuencia con limitacións canto ás fontes, sobre todo no que se refire a *B*, que a autora deplora en varios momentos<sup>21</sup>.

Na súa magna edición do *Cancioneiro do Colégio dos Nobres*, que naceu con vontade de ser unha edición interpretativa, complemento dos traballos de Monaci e Molteni, e que cambiou radicalmente de obxectivos co decorrer dos anos, C. Michaëlis, que reconstrúe fisicamente o códice, edita un conxunto amplísimo de poemas que comprende, ademais das 310 cantigas reproducidas no manuscrito lisboeta, 157 textos tomados de *B* e *V* –dos que dispuña nas edicións diplomáticas publicadas en 1875 e 1878 en Italia, xa comentadas– cos que busca colmar as lacunas, reais ou supostas, de *A*, que se concibe como unha colectánea que representaba, de modo parcial, a compilación das *cantigas de amor* do período predionisino.

20 Esas 15 *Randglossen* foron traducidas e publicadas en portugués en 2004 por Y. Frateschi Vieira, J. L. Rodríguez, M. I. Morán Cabanas e J. A. Souto Cabo, acompañadas por unha rica introdución, bibliografía de C. Michaëlis e índices. Para os títulos en alemán destas “notas marxinais”, remitimos aos datos compilados neste volume, que manexamos para o presente traballo.

21 “Já que estas cantigas também estão representadas no CB, poder-se-ia obter un texto mellor através da colação” (Vieira / Rodríguez / Morán Cabanas / Souto Cabo 2004: 30, nota 4); “Seja-me permitido apresentar ao leitor, como é costume, os textos comentados tal como, depois de longo trato com eles, os pude restaurar –infelizmente, porém, sem ter diante dos olhos o CV e o CB–, pois ainda não existe uma edição crítica utilizável do *Cancioneiro completo*” (Vieira / Rodríguez / Morán Cabanas / Souto Cabo 2004: 110); “[Monaci] prometeu também o exame crítico das partes comuns aos dois [cancioneiros, *B* e *V*], na convicção partilhada de todos os investigadores que sómente sobre a base de tal estudo, incluindo a lista das variantes, se poderia organizar a exploração séria e a edición definitiva das cantigas. Infelizmente, até hoje não pôde cumprir a promessa. Autoriza-nos porém a alentarmos a esperança que brevemente a realizará, o facto de haver adquirido ha annos o precioso thesouro, e de não o facultar mais aos que desejariam vê-lo” (Michaëlis 1990, II: 50). Nesa mesma páxina, en nota, a autora engade: “Em 1894 Monaci ainda extrahiu *manu propria* as variantes do CD, em favor de um joven professor americano. Depois facultou-o a Cesare de Lollis” (nota 1).

Desde o punto de vista ecdótico, a filóloga luso-alemá toma *A* como base para o establecemento crítico do texto, sinalando en aparato as variantes dos apógrafos italianos, que se empregan tamén para corrixir ou substituír, en numerosos casos –non sempre sinalados cos procedementos críticos oportunamente establecidos–, a lección enviada polo códice lisboeta. De *B* e *V* proceden, tamén, as atribucións das cantigas, todas anónimas en *A*, e os versos ou estrofas que permiten recuperar a integridade das pezas consideradas incompletas pola autora ou daquelas que no manuscrito da Ajuda se presentan mutiladas por accidente material.

Por fin, Michaëlis, que acompaña as cantigas de aparato crítico –non exhaustivo, como a propia autora reconece (1990, I: XI-XII)–, de ficha métrica, de tradución ao alemán e de transcripción das glosas tardías que apostilan as pezas, ofrece, desde o punto de vista gráfico, un texto unificado, que ten o seu aspecto máis chamativo na “substituição de *nn*, *ll* por *nh*, *lh*” (Michaëlis 1990, I: XXVII), substitución que elimina da escrita de *A* a súa característica máis notable, ofrecendo unha imaxe do cancionero graficamente portuguesa<sup>22</sup>.

Os traballos de C. Michaëlis, que se desenvolven na “terra gensor” lusitana, a onde a filóloga chegara como consecuencia do seu casamento con J. de Vasconcelos, e aos que aínda debe sumarse, entre outros, a edición dos denominados “lais de Bretanha”, publicada en 1900 con rico comentario e establecemento das posibles fontes seguindo a lección dun dos dous relatores que envían estes textos, *B*<sup>23</sup>, contribuíron a situar a investigación e a práctica ecdótica sobre a lírica galego-portuguesa ao nivel das máis reputadas investigacións europeas<sup>24</sup>, fornecendo as

22 A edición de Michaëlis mereceu tres recensións extensas, que deben citarse aquí polas súas importantes achegas á crítica do texto e polas consideracións de corte teórico que incorporan: son as asinadas por Nobiling (1907, dispoñible en tradución de Vieira 2007: 173-218, e 1908-1909, con tradución en Vieira 2007: 219-256) e Lang (1908, agora dispoñible en tradución ao portugués en Mongelli / Vieira 2010: 383-454). Sobre o contributo da estudosa xermana son abundantes os títulos; consúltense, entre outros, Castro (1990), Tavani (2004), Ramos (2004, 2007), Gonçalves (2007: 20-22) ou Arbor Aldea (2004, 2008a, 2009), traballos en que se analiza o seu proceder editorial, fornecéndose, ademais, bibliografía fundamental para o argumento aquí considerado.

23 Do outro testemuño que copia os lais, tres folios incluídos no Ms. Vat. Lat. 7182 (*V*<sup>o</sup> ou *L*), ofreceu unha reprodución facsimilada Monaci en *Facsimili di documenti per la storia delle lingue e delle letterature romanze* (1913, fasc. II: 112-114). Segundo Gonçalves (2007: 3, nota 5), eses mesmos folios serían recollidos en 1887 polo mesmo autor na colección *Facsimili di antichi manoscritti per uso delle scuole di Filologia Neolatina*, publicada entre 1881 e 1892, que non puidemos consultar. O primeiro dos volumes citados estivo á nosa disposición por xentileza da Biblioteca da Accademia della Crusca (Florencia, Italia), institución a que mostramos o noso agradecemento. Para a edición deste testemuño dos lais de Bretaña haberá que esperar aos estudos de Pellegrini (1928), que se abordarán na segunda parte deste ensaio.

24 A este respecto, son elocuentes as palabras de Tavani: “Esa edición [a de *A*] representou, no momento da súa publicación, un acontecemento de gran valor para a filoloxía textual galega e portuguesa, onde introduciu as técnicas ecdóticas rigorosamente científicas que a escola alemá –encarnada sobre todo

bases sobre as que se asentaría todo o estudo da tradición lírica dos trobadores do occidente ibérico.

Paralelamente á edición “de cancionero” asinada por Michaëlis e aos conxuntos máis ou menos orgánicos de cantigas que viron a luz nas súas *Randglossen*, neste período despunta a edición dos denominados “cancioneiros de autor”<sup>25</sup>. Por citar só dous exemplos ilustres, referiremos aquí as que eran, ata 1945, ano en que se data a edición de Pai Gomez Charinho preparada por C. Ferreira da Cunha, e en palabras de E. Gonçalves, “as únicas edicións verdadeiramente críticas de trovadores galego-portugueses” que se publicaran (1999: 32; véxase tamén Gonçalves 2007: 39), isto é, as asinadas por H. R. Lang e O. Nobiling.

O primeiro, profesor de Yale e discípulo de Gröber, ao que lle dedica o seu contributo, editou o *Liederbuch* de don Denis (1892, 1894) baseándose na lección de *V* –as variantes de *B* recóllense nun apéndice final (1972: 107-112). Como complemento do texto, redactou un capítulo de notas, un glosario e un amplo estudo en que se establece o termo *post quem* da lírica galego-portuguesa e en que se analizan os contactos entre trobadores e poetas de *oc* e de *oil*, o carácter culto da *cantiga de amigo* ou o papel que Santiago de Compostela xogaríase no desenvolvemento dun lirismo autóctono<sup>26</sup>. Pola súa parte, Nobiling, estudoso alemán aficado no Brasil, preparou

---

por personalidades como Carl Appel e Karl Bartsch– tiña posto a punto nos últimos anos do século XIX. A aplicación desas técnicas á poesía lírica medieval hispánica significou un salto de calidade que poderíamos definir esencial para o progreso da crítica textual e da edición crítica, non apenas do *Cancioneiro da Ajuda* senón de toda a produción poética do Occidente peninsular, incluso as cantigas de amigo e as cantigas de escarnio que mereceron a atención da grande estudosa luso-alemá sexa no segundo volume da edición de Halle sexa nas súas ben coñecidas *Randglossen*” (2004: 55-56).

- 25 Xustamente, O. Nobiling manifestará, nas palabras preliminares á súa edición, preparada e publicada na década inaugural do século pasado, a necesidade de acometer este tipo de iniciativas: “Estando hoje accessivel aos estudiosos todo o cabedal da poesia dos antigos trovadores portuguezes, quer –graças aos sabios italianos Monaci e Molteni– em primorosas edições diplomaticas, quer –é ao *Cancioneiro da Ajuda* de D. Carolina Michaëlis de Vasconcellos que me refiro– numa edição critica e commentada do mais alto valor scientifico, já será tempo de reunirmos em edições completas as obras dos mais importantes d’entre os trovadores, afim de se poderem estudar as feições communs dêsse primeiro periodo da litteratura portugueza bem como as individuaes que caracterizam os seus vultos mais eminentes” (1908: 641, agora dispoñible en Vieira 2007: 39). Sobre este xiro na perspectiva editorial, véxase Stegagno Picchio (1960: 206-261), que o atribúe á influencia dos provenzalistas. Unha visión global das edicións “de autor” publicadas ata a década dos ’60 do século pasado, “di valore estremamente diseguale l’una dall’altra”, en que se presta atención a aspectos diversos, entre eles os debatidos “criterios de edición”, pode lerse no traballo apenas citado da filóloga italiana, nas partes dedicadas á poesía lírica. A cita esá tomada de Stegagno Picchio (1960: 262).
- 26 A edición, que se presentou como tese de doutoramento en 1890 na Universidade de Estrasburgo, e que foi revisada e dotada de introdución e glosario para a súa saída do prelo en 1894, mereceu os comentarios de Nobiling (1903; tradución en Vieira 2007: 165-171) e de Michaëlis (1895; 1990, II: 75-79). Véxase tamén Arbor Aldea / Lorenzo Gradín (2009). O contributo de Lang está agora a dispor dos estudosos no volume preparado por Mongelli / Vieira (2010: 51-380).

a edición do singular Johan Garcia de Guilhade (1907, 1908), que se apoia, como o propio autor manifesta, nas edicións de Monaci, Molteni e Michaëlis (Nobiling 1908: 645). Como tamén fixera Lang, completou as cantigas cunha introdución en que se caracterizan os textos e en que se abordan diversas cuestións relativas á grafía dos poemas e á súa métrica<sup>27</sup>.

## 5. Os achados do inicio da centuria: *M, P, R*

O labor de recuperación e difusión dos manuscritos da lírica profana galego-portuguesa iniciado no século XVIII completouse a comezos do XX –centuria que se pecharía, como se verá, con outros dous achados de gran valor neste ámbito, o do *Cancioneiro da Bancroft Library* e o do *Pergamiño Sharrer*— co descubrimento de tres relatores, *M, P* e o denominado *Pergamiño Vindel*. Estes, aínda que enviaban pezas xa presentes nos apógrafos italianos, revestían unha importancia fundamental, en canto enriquecían o testemuño das copias coloccianas con datos substanciais desde o punto de vista da transmisión dos textos e, tamén, desde o punto de vista da música, que non se conservara en ningún dos códices que antes se analizaron.

Deses manuscritos, dous copian o debate *Vasco Martiiz, pois vos trabalhades*, en que participan don Afonso Sanchez e Vasco Martinz de Resende. Do primeiro, un folio da miscelánea Ms. 9249, depositada na Biblioteca Nacional de Madrid (*M*), preparou unha valiosa edición diplomática J. Leite de Vasconcelos (1902; cfr. Gonçalves 2007: 15-16); do segundo, integrado tamén nun volume misceláneo, neste caso conservado na Biblioteca Pública Municipal do Porto (Ms. 419, *P*), daría conta, con restablecemento crítico do texto, C. Michaëlis nunha das súas xa citadas *Randglossen* (1905; cfr. Vieira / Rodríguez / Morán Cabanas / Souto Cabo 2004: 487-519).

Do terceiro dos relatores citados, *R*, deu noticia, apenas unha década despois, en concreto en febreiro de 1914, o libreiro madrileño Pedro Vindel. Fíxoo nun texto publicado na revista *Arte español* en que se ofrecía “un facsímile en tamaño

---

27 Tamén o traballo de Nobiling se presentou, nun primeiro momento, como tese de doutoramento na Universidade de Bonn, en 1907: *Die Lieder des Trobadors D. Joam Garcia de Guilhade (13. Jahrhundert), kritische Ausgabe mit Anmerkungen und Einleitung* (Erlangen: Junge und Sohn); o texto, que se publicaría de novo en 1908 na revista *Romanische Forschungen* (23: 339-385), está dispoñible en Vieira (2007: 39-143). Para a biografía de Nobiling, o marco e contactos en que se desenvolven os seus traballos e influencias, enviamos a Vieira (2007: 9-19) e a Franco / Vieira / Mongelli (2008: 198-201).

exacto del original de las canciones primera y quinta, según fotograbados directos que nos ha facilitado el poseedor de tan peregrino documento literario-musical” (1914: 27), “peregrino documento” que servía como forro da encadernación dun exemplar dun *De officiis* de Cicerón datado no século XIV e que é o pergamino que hoxe leva o nome do anticuario e que transmite as sete *cantigas de amigo* de Martin Codax acompañadas, seis delas, da correspondente melodía<sup>28</sup>. Este manuscrito, que posúe excepcional valor, xa que, ademais de documentar a circulación das poesías en *Liederblätter* –tal e como postulara Gröber para a tradición occitana e como testemuñaban *M* e *P*–, era o único exemplar que ata aquel momento reproducía a notación musical de poemas profanos, habíase converter en obxecto “de culto” para cantos se ocupasen non só da obra de Martin Codax, senón de toda a lírica do occidente ibérico, e encontraría na figura de C. Ferreira da Cunha (véxase, nas liñas seguintes, a epígrafe 8) un estudoso de importancia fundamental.

## 6. Portugal no período de entreguerras: as edicións de Nunes

O conxunto das *cantigas de amor* recollidas na monumental, e híbrida, edición de *A* preparada por C. Michaëlis encontraría o seu complemento na edición de corte reconstrutivo das *cantigas de amigo* preparada por J. J. Nunes (1926-1928). O contributo do profesor da Facultade de Letras de Lisboa, que está dedicado á filóloga alemá e que se acompaña de dous volumes de estudos –con notas relativas á orixe, temática, lingua e poética do xénero, información biográfica sobre os seus autores, comentario métrico-filolóxico dos poemas e glosario, entre outros aspectos–, parte da lección dos dous códices que transmiten o xénero, concretamente da impresa no caso de *V* e, no caso de *B*, da obtida a partir da consulta directa do

28 A novidade divulgouna P. Vindel, baixo o anagrama D. L. D’Orvenipe, na nota “Las siete canciones de la enamorada, poema musical por Martín Codax, juglar del siglo XIII” (*Arte español*, 3,1, 1914: 27-31, dispoñible en rede: <https://ruidera.uclm.es/xmlui/bitstream/handle/10578/475/1914.%20N%20%ba%201.pdf?sequence=1>); véxase tamén Alonso Montero 1998a: 65-67). Pouco despois o libreiro madrileño estamparía a edición facsimilar do pergamino (1915), que recibiu un completo comentario de Michaëlis (1915, dispoñible en <http://es.scribd.com/doc/76755185/Revista-de-Filologia-Espanola-Tomo-II>). Neste contributo a estudosa ofrece valiosísimos datos sobre o manuscrito, tanto no relativo á súa materialidade –mesmo por comparación co *Cancioneiro da Ajuda* e cos códices que enviaron as *Cantigas de Santa María*– como ao seu contido e ás súas leccións: non en van, Michaëlis, ademais de precisar algúns datos recollidos na publicación de Vindel e de revisar a bibliografía precedente sobre Codax, cotexa as leccións de *V* e as de *R*, introducindo agudas emendas críticas aos textos. O cancionero de Martín Codax tamén mereceu unha contribución, de menor peso, por parte de Bell (1923). Para a fortuna literaria do denominado poeta da ría de Vigo e o seu paulatino descubrimento por parte dos estudosos, véxase Alonso Montero (1998b: 255-270).

orixinal manuscrito. Desde o punto de vista textual, debe sinalarse, non obstante, e a pesar do seu valor, que a obra de Nunes se caracteriza por intervir, en ocasións de modo particularmente incisivo, na lección manuscrita, desvirtuando así o testemuño dos relatores<sup>29</sup>.

O estudoso portugués, que en 1919-1922 publicara unha edición “de autor” dedicada a Pero Gomez Barroso baseándose en *A* e *V*<sup>30</sup> e que en 1931 imprimira os poemas de Martin Codax, partindo da lección dos tres relatores, *B*, *V* e *R*, completará a súa fundamental achega á crítica do texto realizada nos traballos apenas referidos coa edición das *cantigas de amor* publicada en 1932. Neste volume, que inclúe un capítulo introdutorio en que se condensan as características temático-poéticas do xénero cortés, un conxunto de notas biográficas relativas aos autores que non foran contemplados na edición das *cantigas de amigo*, un glosario de termos non incluídos naquela contribución e un apartado de correccións ao texto crítico das cantigas, aborda a edición das pezas do rexistro *de amor* non consideradas por C. Michēlis (Nunes 1932: VI), seguindo os principios metodolóxicos que guiaran a monografía dedicada á *cantiga de amigo*. Con esta última, a achega que agora se describe comparte, desde o punto de vista ecdótico, a con frecuencia excesiva intervención no texto enviado polos códices.

29 A edición foi cualificada como “conscienciosa” pero, tamén, como “não (...) definitiva” por M. Rodrigues Lapa, que lle dedicou en 1929 un extenso comentario, “O texto das cantigas d’amigo”, con numerosas propostas de corrección do texto (cfr. 1965a: 9-50 [9]). Tamén Pellegini (1930: 304) redactou unha extensa recensión sobre o “lodevole” traballo de Nunes. Con respecto ás intervencións que se operan sobre a lección manuscrita a que antes nos referimos, estas palabras de Tavani son máis ca elocuentes: “Dell’altro estremo [isto é, a emenda do texto, fronte á máxima fidelidade ao testemuño, “al limite della riscrittura dei passi fraintesi o ritenuti frutto di sviste, di incomprensioni, di interferenze, di manipolazioni, di adeguamenti formali e/o sostanziali d’amanuense”] non è dato citare casi altrettanto clamorosi [como o de Bédier e seguidores], ma sarebbe sufficienti scorrere –nell’ambito, ad esempio, della lirica medievale galega e portoghese– le edizioni di José Joaquim Nunes o di Manuel Rodrigues Lapa per rendersi conto della disinvoltura con cui questi due editori, peraltro benemeriti della filologia peninsulare, anziché attenersi alle effettive indicazioni del relatore o dei relatori in luoghi esenti da guasti, hanno talvolta riscritto interi segmenti testuali che, per motivi linguistici o paleografici, ad essi sembravano incomprensibili o inadeguati o impropri, ed altri ne hanno interpretati in modo palesemente soggettivo” (1998: 82). Léase tamén, e a este propósito, Tavani (1986: 32-34) e Tavani (1998: 89-92), traballos en que o mestre italiano acompaña as súas reflexións con exemplos ilustrativos, así como, para unha crítica máis xeral e para a fixación do *corpus*, Cohen (2003: 56-57). A propósito do continuismo que en territorio portugués teñen as edicións de xénero, consúltese Stegagno Picchio (1960: 260-261).

30 Nunes non puido manexar *B* para fixar o texto de Barroso, como el mesmo sinala: “Nem sempre é fiel a transcrição feita do primitivo manuscrito pelo copista italiano, às vezes mesmo torna-se em parte ininteligível; procurei restaurar a lição original, mas, confesso, nem sempre me satisfizeram as minhas tentativas, que talvez fossem coroadas de êxito se me fosse possível conhecer o contexto do *Cancioneiro Colocci-Brancuti*” (1919: 268).

## 7. A edición da lírica dos trobadores en territorio galego: a xénese

Mentres no Portugal de C. Michaëlis e de J. J. Nunes se asistía a un frutífero labor no ámbito da edición e da interpretación da lírica dos trobadores ibéricos, a que contribuíría en modo particularmente fecundo M. Rodrigues Lapa –que en 1929 publica o seu fundamental *Das Origens da Poesia Lírica em Portugal na Idade Media*, en paralelo a un completo comentario da edición das *cantigas de amigo* de Nunes (véxase a nota 29), ao que lle seguirían outros ensaios vitais sobre a tradición poética considerada, como as súas *Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval* (1934); cfr. Dionísio 1993b–, esta actividade apenas si espertaba o interese dos estudosos galegos. Estes, máis volcados na edición e na análise da prosa, ben na súa vertente documental, ben histórica ou narrativa, accederían moi tardiamente ás cantigas; en concreto, de 1886 data *El idioma gallego*, de A. de la Iglesia, que publica, seguindo a edición de Braga, 125 poemas, que supoñen o descubrimento da poesía dos *trobadores* para os autores e para o público galegos, que só tiveran acceso, en 1876, ás cantigas de Martin Codax publicadas por T. Vesteiro Torres<sup>31</sup>.

Condicionados pola imposibilidade de consultar directamente os códices, polo recurso ás edicións precedentes –Braga, Michaëlis, Nunes– e polas propias intencións que moven os investigadores galegos, marcadas polo “descubrimento” da lingua medieval, que “proporcionou ós defensores do galego un poderoso argumento e un sólido apoio para a súa dignificación”, e pola inexistencia “naquel momento en Galicia [de] centros ou institucións que permitisen unha preparación filolóxica suficiente” (Monteagudo 1984: XI) –só no curso 1922-1923 abriu as súas portas a Facultade de Filosofía e Letras, coa Sección única de Historia–, os escasos traballos sobre a poesía profana medieval publicados en Galicia acusarán “a falta de rigor filolóxico e a pouca agudeza na análise estilística, mostrando, por vía da regra máis atención ó tema có texto” (Monteagudo 1984: X).

Neste panorama, en que se inscriben os ensaios que publicarán autores como De la Iglesia, M. Murguía, E. López Aydillo ou X. Filgueira Valverde, en que “a reprodución de textos non é máis que un apoio para o estudioso, non o seu centro de interés” (Monteagudo 1984: XII), destacará a figura de A. Cotarelo Valledor, catedrático de Língua e Literatura Españolas, decano da Facultade de Filosofía e Letras e primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos. Cotarelo, que en

---

31 Vesteiro Torres ofrecía, nun artigo publicado en *El Heraldo Gallego*, “arregladas en su ortografía enmiendas (sic), abreviaturas, erratas y demás circunstancias que dificultan la interpretación de los viejos códices”, “las serranillas del poeta” (Alonso Montero 1998a: 58). A obra de Vesteiro, de De la Iglesia e o coñecemento que dos cancioneros tiveron estes autores, así como outras figuras clave do Rexurdimento, como M. Murguía ou A. López Ferreiro, estudounos López (1991). Unha análise exhaustiva do contexto en que publican estes autores encóntrase en Monteagudo (1999: 350-372).

1933 dedicara un artigo, con edición “muito deficiente” dos seus textos (Lapa 1965b: 245), aos irmáns Eanes Marinho, publica en volume, en 1934, a súa edición de Pai Gomez Charinho, en que desenvolve o que fora o seu discurso de ingreso na Real Academia Española (1929)<sup>32</sup>. Neste contibuto, que vai acompañado de glosario e que consta dun extenso estudo histórico, comentario literario máis parco dos textos e edición das cantigas do “almirante do mar”, Cotarelo intervéñen, non sempre en modo afortunado, tanto a nivel textual como lingüístico sobre a lección manuscrita, ofrecendo as variantes dos editores precedentes e de *V*<sup>33</sup>.

## 8. A edición da lírica galego-portuguesa en América: Carter, Ferreira da Cunha

A actividade editorial en materia de lírica profana galego-portuguesa habíase ver moi afectada polo inicio, primeiro, da guerra civil española e, despois, da segunda guerra mundial. A profunda depresión que nos ámbitos do saber ocasionaron estes conflitos bélicos só se viu rota, e no que á edición da poesía aquí considerada se refire, polos traballos que, en América, desenvolven H. H. Carter e C. Ferreira da Cunha.

O hispanista norteamericano, discípulo de E. B. Williams, publicou en 1941 a edición paleográfica do *Cancioneiro da Ajuda*, que vai precedida por unha breve introdución –con datos relativos á historia e materialidade do códice e ás edicións precedentes– e seguida por tres apéndices, que recollen os elementos anulados na copia, as notas marxinais que acompañan as cantigas e as lacunas que afectan o manuscrito. Esta edición, que o autor xustifica con diferentes argumentos, que pasan por decisións características de C. Michaëlis –como a regularización gráfica, a atribución ao códice lisboeta de leccións propias de *BV*, a inserción de elementos no verso para completar a súa medida, a substitución de determinadas leccións de *A* por outras procedentes dos apógrafos ou a emenda de erros de copista sen comentario explicativo, entre outras–, responde a preocupacións lingüísticas claras, pois non en van, e como o propio Carter afirma, só a partir dun texto que reproducise fielmente o cancionero se poderían tirar conclusións fidedignas nesa materia (1941: xvi).

32 Cfr. Monteagudo (1984: XV). Inicialmente, a edición vira a luz no *Boletín de la Real Academia Española* (16, 1929: 467-491; 17, 1930: 523-538, 664-687; 18, 1931: 348-371).

33 “A obra filolóxica de Armando Cotarelo Valledor participa das virtudes e defectos dos traballos galegos da época: é tan solida (sic) a súa formación e documentación histórica, como feble o seu criterio filolóxico e estudio literario. Con todo, en vista da produción galega de posguerra neste campo, o traballo de Cotarelo non á só (sic) non é desprezable, senón que debe ser aproveitado, coas rectificacións necesarias” (Monteagudo 1984: XX). As intervencións a que Cotarelo somete o texto manuscrito foron analizadas polo propio Monteagudo (1984: 307-314). Para o panorama en que se desenvolve a investigación no ámbito galego remitimos a Monteagudo (1999: 437-505).



O traballo de Carter, aínda que non está exento de pequenos erros e de deficiencias relativas, sobre todo, á transcripción das variantes e emendas presentes nas marxes dos textos e á indicación de correccións e raspaduras efectuadas no pergamiño, proporciona datos de valor inestimable para o estudo de *A*, primeiro, porque reflicte o cancionero en si e, despois, porque ofrece unha moi completa información sobre a copia, a materialidade das cantigas e as notas que as acompañan (cfr. Gonçalves 2007: 13-15; Ramos 2007; Arbor Aldea 2008a). Non obstante, e contrariamente a canto puidera pensarse, a edición do paleógrafo americano non suscitou un grande interese no seo da crítica especializada, que seguiu concedéndolle lugar prioritario á de C. Michaëlis, para a que aquela ofrecía un complemento de primeira orde.

Entre tanto, no cono sur americano, no Brasil, desenvolvía o seu labor o xesuíta A. Magne, profesor de Filoloxía Románica, nacido en Francia e formado na Universidade de São Paulo e en Europa –con mestres da altura de G. Paris<sup>34</sup>, que en 1931 publicaba unha edición crítica parcial, con ampla nota biográfica e comentario aos textos, do cancionero dun dos bastardos de don Denis, don Afonso Sanchez, seguindo a lección de *V*. Por outra parte, sempre no Brasil, e ao amparo do nacemento das universidades –a de Rio de Janeiro fúndase en 1920, a de São Paulo en 1934–, a semente que Nobiling plantara coa súa edición de Guilhade afirmábase coa figura de C. Ferreira da Cunha: entre 1945 e 1956, este gran filólogo, formado nas aulas da antiga Universidade do Brasil baixo o maxisterio de A. F. de Sousa da Silveira e el mesmo profesor na Universidade de Rio de Janeiro, preparará tres edicións fundamentais, centradas en tres poetas “do mar”, de exquisita produción “aristocratizante” un, de corte “popular” os outros: o almirante de Castela Pai Gomez Charinho (1945) e os xograres Johan Zorro (1949) e Martin Codax (1956).

Estas tres obras, consideradas “modélicas” pola crítica tanto pola súa metodoloxía como polos resultados acadados<sup>35</sup>, acompañanse de estudos de amplo alcance, aínda vixentes, no que atinxe á lingua, á retórica ou á métrica das cantigas, estudos en que foron pioneiras e que emanan das propias cuestións suscitadas polos textos e que darán pé a ensaios de amplísimo alento, como os recollidos no volume compilatorio

34 Cfr. *Jornal do Brasil*, 22 de xullo de 1966 (<http://news.google.com/newspapers?nid=1246&dat=19660722&id=Lw5XAAAAIBAJ&sjid=A-8DAAAAIBAJ&pg=4317,1914105>).

35 Léase, non obstante, a leve crítica que Stegagno Picchio lle dedica: “I fatti più notevoli nel campo delle edizioni critiche in sillogi personali sono stati negli ultimi anni le raccolte dedicate a Joam Zorro e Martin Codax dallo studioso brasiliano Celso Ferreira da Cunha. Pur condotte con metodo moderno e rigore scientifico, queste edizioni danno esclusivamente, o quasi, risalto all’aspetto linguistico dei testi pubblicati; solo l’ultima, la più recente, dedica maggior attenzione all’esame metrico, per il quale tuttavia non si tiene conto dell’ottimo sistema di notazione usato da István Frank nel suo *Répertoire métrique*. Diversi per impostazione e di valore diseguale anche i glossari: completo, ma spesso poco soddisfacente dal punto di vista etimologico quello dedicato a Zorro, selettivo e limitato alle parole di etimologia più discussa il secondo” (1960: 263).

*Estudos de poética trovadoresca. Versificación e ecdótica*, que viu a luz en 1961. Pioneiro pode considerarse tamén o capítulo dedicado á “Historia dos textos” que se contén na edición de Codax (1956: 21-38; Gonçalves 1999: 331-348), en que se analizan, ademais das edicións previas do *corpus* do poeta, as variantes dos tres manuscritos que o enviaron, *B*, *V* e *R*, atendendo á súa calidade e á natureza dos erros que caracterizan os relatores<sup>36</sup>.

## 9. O período de posguerra: a edición en Portugal

Despois do interregno que supuxeron os conflitos bélicos, en Portugal ve a luz, en 1949, o primeiro volume da edición que E. Paxeco Machado e J. P. Machado preparan para o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, empresa que só culminará en 1964. Co obxectivo de “trazer a público, pela primeira vez na íntegra e de forma accesível, o mais extenso Cancioneiro portugués medieval” (Paxeco Machado / Machado 1949: 9), os autores publican o Colocci-Brancuti nunha edición híbrida, que participa de criterios paleográficos e críticos, e que se acompaña de aparatos non sempre exhaustivos e correctos, de reprodución facsimilar da totalidade do manuscrito, de glosario, elenco de proverbios, “palavras encobertas e descobertas”, rexistro de topónimos trovadorescos e de varios índices, entre os que merecen destacarse o índice comparativo dos autores presentes en *B*, na *Tavola Colocciana* e en *V* e das numeracións de *B*, da edición de *A* preparada por Michaëlis e da edición de *V* asinada por Monaci, e o índice comparativo das rúbricas que acompañan as

36 O filólogo brasileiro, que non encontra parangón nos traballos previos dedicados a estes autores –Bell para Zorro e Codax, cfr. 1920, 1923, e *supra*, epígrafe 5; Cotarelo para Charinho, véxase antes, epígrafe 7–, é particularmente coidado na análise das fontes manuscritas e no manexo do *corpus* bibliográfico. Na “Introdução aos textos” que precede a edición de Charinho sinala: “Não é esta uma edição definitiva e não o podia ser. Faltou-nos à colação o texto do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, infelizmente só publicado por Molteni na parte em que completa o da Vaticana. Ainda assim fomos mais felizes do que alguns que nos antecederam. Além dos trabalhos antigos e do progresso da ciência, podemos dispor do texto diplomático da Ajuda, benemeritamente dado à estampa por Henry Hare Carter, e das variantes do CBN, concernentes às cantigas de amigo, e às de amor não comuns ao CA., publicadas pelo falecido professor José Joaquim Nunes em suas coletâneas desses cantares” (1945: 1; Gonçalves 1999: 99). Na edición de Zorro indica: “Fixado embora em função dos manuscritos, beneficiou-se muito o nosso texto do confronto com o das edições anteriores de Ernesto Monaci, de Teófilo Braga, de D. Carolina Michaëlis, de Aubrey Bell e de J. J. Nunes” (1949: 37-38; Gonçalves 1999: 227-228). Por fin, na edición de Codax escribe: “Ao fixarmos o texto crítico das cantigas de Martin Codax, procuramo-nos ater à lição dos manuscritos, especialmente à do *PV*, por apresentar este códice, em relação aos apógrafos italianos, melhores títulos de antiguidade e pureza. De um modo geral, só nos servimos das versões de *B* e *V* para suprir lacunas ou emendar erros evidentes do cancionero musical” (1956: 36; Gonçalves 1999: 346). Para a análise da obra de Cunha e do marco en que se desenvolven os estudos (e as edicións) de lírica profana galego-portuguesa no Brasil neste período, remitimos a Gonçalves (1993, 1999), Castro (1999), Vieira (2007: 16) e a Franco / Vieira / Mongelli (2008: 201-205).

cantigas. Como ben sinalou a crítica, e a pesar das palabras que os dous investigadores recollen na *Autocrítica* final –“Esta edición não é crítica, nunca pretendeu ser mais do que um instrumento de trabalho. O texto impresso das cantigas possui por única ambição acompanhar as fotocópias” (Paxeco Machado / Machado 1964: 473)–, este contributo, que en ningún momento ofrece unha descrición do códice lisboeta<sup>37</sup>, está afectado por graves deficiencias desde o punto de vista metodolóxico e textual, ofrecendo, ademais, notables incongruencias desde o punto de vista gráfico, circunstancia que dificulta a lectura e interpretación dos poemas<sup>38</sup>.

Xa en 1965, M. Rodrigues Lapa completaba, coas súas fundamentais *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, a edición dos tres grandes xéneros líricos cultivados polos *trobadores*, que Nunes iniciara cos volumes dedicados ás *cantigas de amigo* e *de amor*. Na súa “preziosa opera” (Gonçalves 1972: 155), o estudoso de Anadia, que aborda o xénero acaso máis complexo e textualmente difícil da tradición poética do occidente ibérico,

37 O volume que inaugura a edición ábrese cunha brevisima *Explicação*, de apenas dúas páxinas, en que se expoñen os criterios de edición. Esta vai acompañada dunha *Tábuca de abreviaturas* de manuscritos e edicións empregadas para as variantes que acompañan as cantigas.

38 Aos problemas de carácter metodolóxico, textual, gráfico e métrico dos que adoece a edición referiuse Sansone no comentario crítico que, en 1954, dedica ao primeiro volume publicado polos autores portugueses: “A noi pare che il materiale raccolto nelle pagine precedenti sia sufficiente a far ritenere l’edizione Machado compromessa da quel che si potrebbe definire un malinteso filologico. Essa difatti muove dal compromesso e poggia sull’ibrido connubio fra un’edizione critica e un’edizione diplomatica, e come ogni cosa la quale si regga su posizioni non ben definite, non soddisfa né l’una né l’altra esigenza. L’equivoco fondamentale, e iniziale, degli editori risiede perciò, a nostro avviso, in questa coesistenza di un lavoro puramente trascrittivo quale quello diplomatico, e d’un altro, il critico, che è retto da criteri per sostanza, per natura, per metodo assolutamente diversi (...). Le deficienze che abbiamo indicato anche per i casi di più circostanziata entità, testimoniano appunto una scarsa sicurezza metodologica, la quale non dà agli editori la possibilità di esaminare il testo con spirito saldamente critico: per cui si spiega come essi in più casi rispettino i candidi errori dell’amanuense, scambiando ciò per aderenza al codice, che la trascrizione non sia sorvegliata e che l’apparato sia farraginoso, spesso inutile, raramente valido ai fini collattivi, e in questi casi non sollecitante di soluzioni testuali. Mancano perciò gli elementi indispensabili affinché un’edizione raggiunga una sua compiuta espressione, un’edizione cioè che da un’adeguata collazione con gli altri codici, da un esame testuale condotto con senso di aderenza al manoscritto e insieme con senso sagacemente valutativo della sua attendibilità in casi di ristabilimento della lezione, desse agli studi quanto questi si attendono, vale a dire un’opera che affronti veramente i problemi del testo, in cui si congetturi, si emendi, si sistemi, e che nell’apparato riferisca e al luogo debito valuti e discuta” (cfr. Sansone 1974: 292-293). Da edición dos Machado tamén se ocupou Tavani: “Una trascrizione arbitraria, in parte diplomatica, in parte interpretativa, viziata da gran numero di errori di ogni genere, è stata curata dai Machado, i quali hanno anche riprodotto, in appendice, i testi di *V* e *A* (...) non comuni a *B*, ed hanno accompagnato la loro lettura con una riproduzione fotografica del codice, non sempre utilizzabile a causa della stampa poco nitida e soprattutto del taglio delle pagine, che esclude in tutto o in parte le note marginali e la numerazione di mano del Colocci” (1964: 9-10). Véxanse, así mesmo, os comentarios que a esta obra lle dedicou Gonçalves (2007: 5- 6, para o que atinxe á reprodución facsimilada de *B* e ás súas deficiencias, e 11-12, 23-25, no que se refire á tipoloxía da propia edición).

aquel que “desconhecía muitas veces a arte subtil do eufemismo e prefería chamar às cousas pelos seus próprios nomes” (Lapa 1965c: VII) e que estaba afectado por unha transmisión manuscrita particularmente precaria, acompaña o texto crítico dun completo aparato de notas, en que se ofrecen indicacións sobre a temática das cantigas, edicións previas e rica anotación filolóxica, e dun amplo, e utilísimo, *Vocabulario*. Como sucedía coas obras de Nunes antes referidas, tamén a *vulgata* de Lapa peca, a pesar da súa riqueza e da súa inxente contribución á crítica do texto, de propostas de emenda que inciden en modo particularmente vivo na lección manuscrita, “calafetações da nossa lavra, postas, aliás, entre colchetes, para não iludirem ninguém” (Lapa 1965c: VIII)<sup>39</sup>.

## 10. As edicións de posguerra en Galicia, o reflexo do illamento

En territorio galego, despois da guerra civil e da inmediata posguerra, e deixando á marxe as interpretacións, non sempre rigorosas, que o Padre G. Placer realiza das biografías e de determinados aspectos da poesía de Airas Nunez (1943) e de Pero de Armea (1945), R. Fernández Pousa publica as edicións de Pero Garcia Buralés (1953), con brevísima introdución e carente de notas<sup>40</sup>, e de Airas Nunez (1954), en que, ademais dunha sucinta biografía –debedora do propio Placer–, ofrece unha lectura das cantigas insuficiente desde o punto de vista filolóxico, sen aparato e sen notas textuais complementarias, en canto destinada ao gran público<sup>41</sup>. Nos anos sucesivos, aínda dará ao prelo as edicións de Pero da Ponte (1956)<sup>42</sup> e do cancionero de Johan Airas (1959), parcialmente publicado por A. Gassner en 1933, que

39 Á práctica ecódica de Lapa, que mereceu múltiples notas e recensións (cfr., a título de exemplo, dúas das primeiras, asinadas por Mettmann e Reali, ambas as dúas publicadas en 1966), referiuse Tavani nos seus traballos. Léanse, como elemento puramente ilustrativo, as palabras que escribe en 1998: 89, 92-93, en que chama a atención para as correccións, intensas, a que o editor portugués somete os textos. A obra do estudoso de Anadia coñecería unha segunda edición ampliada en 1970, obxecto, á súa vez, de múltiples comentarios críticos (cfr., entre outros, o que lle dedica Gonçalves 1972).

40 Pousa xustifica así tales carencias: “En la presente edición crítica hemos procurado, intencionadamente, suprimir toda clase de notas consignativas de las variantes de los diferentes códices en los casos en que las trovas figuran en los dos, ya que nuestro designio es brindar una edición para el gran público, aligerada de ese peso, que en este caso estimamos innecesario” (1953: 123-124).

41 “Dos poemas de Airas Nunez existe unha edición, realizada sen preocupacións filolóxicas, non falta de erros nin de inxenuidades e precedida dunha introdución anticuada desde o punto de vista crítico: Fernández Pousa, “Cancionero” (Tavani 1992: 16).

42 “Do cancionero de Pero da Ponte, se se exclúe a de Braga, soamente existen edicións parciais, a meirande parte das veces insatisfactorias por estaren realizadas sen rigor filolóxico e careceren de notas. Unha transcripción, e non unha edición crítica, debe considerarse o traballo de Ramón Fernández Pousa (...); falta de introdución, aparato crítico, notas e glosario, ten en conta só a lección do códice V” (Panunzio 1992: 12).

comparten os trazos sinalados a propósito dos traballos precedentes –isto é, a falta de criterios filolóxicos e de rigor na análise literaria–, e que se limitan a proporcionar os textos sen ningún tipo de introdución previa contextualizadora no primeiro caso, acompañándose estes dunha sucinta nota biográfica, non sempre rigorosa e actualizada desde o punto de vista bibliográfico, e aparato crítico, claramente insatisfactorio, na segunda das contribucións, que se define expresamente, no propio título, como “crítica”<sup>43</sup>.

## 11.

O sintagma *In principio est textus*, que Tavani (1997: 5) adaptara, partindo da célebre pasaxe da Xénese *In principio erat Verbum*, ao labor ecdótico, e que define toda a actividade editorial, guiou, en modo diverso, e como pode deducirse destas páxinas, o traballo paciente que, desde apenas encetado o século XIX, abordaron os autores que se ocuparon da lírica dos trobadores do occidente ibérico. Non obstante, e como veremos na segunda parte deste ensaio, ese principio adquiriría validez efectiva, no que a esta tradición poética se refire, sobre todo a partir da década de 1960, en que empeza a edición e análise, podemos dicir ininterrompida, desta lírica, conformándose, a partir dos estudos producidos pola denominada “escola italiana”, diversos grupos de investigación que conducirían a edición da lírica profana á madurez que hoxe a caracteriza e que ten, xustamente en Galicia, un dos seus referentes máis consolidados.

## Bibliografía

- Alonso Montero, X. (ed.) (1998a): *Homenaxe ós tres poetas medievais da Ría de Vigo: Martín Codax, Mendiño, Johán de Cangas* (A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega).
- Alonso Montero, X. (1998b): “Fortuna literaria dos tres poetas da ría de Vigo”, en Monteagudo, H. / Pozo Garza, L. / Alonso Montero, X., *Tres poetas medievais da ría de Vigo. Martín Codax, Mendiño e Xohán de Cangas*: 245-332 (Vigo: Galaxia).

---

43 O traballo de Fernández Pousa mereceu unha severa recensión de Bertolucci, que escribe: “L’iniziativa del Pousa giunge opportuna e utile; è da aggiungere subito però che dobbiamo accontentarci di trovare qui riunita tutta l’opera del poeta, poiché l’editore è ben lontano dall’avere criticamente restituito i testi che produce” (1961: 71), e que ofrece nova edición das pezas –excluídas as que foran tratadas por Nunes– consideradas insatisfactorias.

- Amado, T. / Lorenzo Gradín, P. (2000): “Os estudos de poesía lírica galego-portuguesa (1978-1998)”, *Boletín Galego de Literatura*, 23,1: 7-36.
- Arbor Aldea, M. (2004): “Editar Ajuda: principios teóricos para unha nova experiencia ecdótica”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*: 497-511 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Arbor Aldea, M. (2008a): “Ogni edizione (critica) altro non è che un’ipotesi di lavoro... As edicións do Cancioneiro da Ajuda”, *Revista Eletrônica de Estudos Literários*, 4: 1-37 [publicación electrónica da Universidade Federal do Estado do Espírito Santo, Brasil: <http://www.pppg.ufes.br/ppgl/reel4/pdf/MarinaArborAldea.pdf>].
- Arbor Aldea, M. (2008b): “Los círculos eruditos de Lisboa, Évora y Porto en la primera mitad del siglo XIX. Notas sobre la recepción temprana del *Cancioneiro da Ajuda*”, *Límite*, 2: 47-78.
- Arbor Aldea, M. (2009): “Un códice de historia material compleja: el *Cancioneiro da Ajuda*”, *Revista de Literatura Medieval*, 21: 77-124.
- Arbor Aldea, M. / Lorenzo Gradín, P. (2009): “La dimensión europea de la lírica gallego-portuguesa en los inicios de la Filología Románica”, en Meneghetti, M. L. / Tagliani, R. (eds.), *Tra ecdotica e comparatistica. Le riviste e la fondazione della Filologia romanza. Atti del Convegno Annuale della Scuola di Dottorato Europea in Filologia romanza (Siena, 3-4 ottobre 2006)*: 101-141 (Firenze: Edizioni del Galluzzo).
- Arbor Aldea, M. / Pulsoni, C. (2004): “Il *Cancioneiro da Ajuda* prima di Carolina Michaëlis (1904)”, *Critica del testo*, 7,2: 721-789.
- Arbor Aldea, M. / Pulsoni, C. (2006): “Per la storia del *Cancioneiro da Ajuda*: 1. Dalla sua compilazione a Ribeiro dos Santos”, *La parola del testo*, 10,1: 59-117.
- Askins, A. L.-F. (1991): “The *Cancioneiro da Bancroft Library* (previously, the *Cancioneiro de um Grande d’Hespanha*): a copy, ca. 1600, of the *Cancioneiro da Vaticana*”, en *Actas do Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*. Vol. I: 43-47 (Lisboa: Edições Cosmos).
- Askins, A. L.-F. (1993): s.v. “Cancioneiro da Bancroft Library”, en *DLMGP*: 118-119.
- Bell, A. F. G. (1920): “The Eleven Songs of Joan Zorro”, *Modern Language Review*, 15: 58-64.

- Bell, A. F. G. (1923): “The Seven Songs of Martín Codax”, *Modern Language Review*, 18: 162-167.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1961): “A proposito di una recente edizione di Johan Airas de Santiago”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 9: 71-100.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1981): “Crítica testuale e antica lirica portoghese”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 28: 119-131.
- Bertoni, G. (1917): “Pastorelle portoghesi”, *Archivum Romanicum*, 1: 83-88.
- Bertoni, G. (1923): “Alfonso X di Castiglia e il provenzalismo della prima lirica portoghese”, *Archivum Romanicum*, 7: 171-175.
- BILEGA, *Bibliografía informatizada da lingua galega* (<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>).
- BiRMED, *Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=birmed2>).
- BITAGAP, *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses* ([http://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap\\_en.html](http://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_en.html)).
- Boletín Bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval* (Barcelona: Asociación Hispánica de Literatura Medieval). 1987- (agora dispoñible en <http://www.ahlm.es/Primera.html>).
- Braga, T. (1878): *Cancioneiro Portuguez da Vaticana. Edição crítica restituída sobre o texto diplomático de Halle, acompañada de um glossario e de uma introdução sobre os trovadores e cancioneros portugueses* (Lisboa: Imprensa Nacional).
- Carter, H. H. (1941): *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition* (New York-London: Modern Language Association of America-Oxford University Press). Reimpresión, New York: Kraus Reprint Co., 1975; *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2007.
- Castro, I. (1990): “Carolina Michaëlis e a arte de erguer monumentos”, en Michaëlis de Vasconcelos, C. (1990), *Cancioneiro da Ajuda*. 2 vols. Vol. I: i-s (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Castro, I. (1999): “Apresentação”, en Gonçalves, E. (1999), *Celso Cunha. Cancioneiros dos Trovadores do Mar*: 7-13 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Cohen, R. (2003): *500 Cantigas d’Amigo. Edição Crítica / Critical Edition* (Porto: Campo das Letras).

- Cotarelo Valledor, A. (1933): “Los hermanos Eans Mariño, poetas gallegos del siglo XIII”, *Boletín de la Academia Española*, 20: 5-32.
- Cotarelo Valledor, A. (1934): *Cancionero de Payo Gómez Chariño, almirante y poeta (siglo XIII)* (Madrid: Librería General de Victoriano Suárez). Edición facsimilar, con prólogo e apéndices, de E. Monteagudo Romero, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1984.
- Couceiro, J. L. (1993): s.v. “Nunes, José Joaquim”, en *DLMGP*: 478-480.
- Cunha, C. Ferreira da (1945): *O cancionero de Paay Gómez Charinho, trovador do século XIII* (Rio de Janeiro). Reproducido en Gonçalves, E. (1999), *Celso Cunha. Cancioneiros dos Trovadores do Mar*: 33-147 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Cunha, C. Ferreira da (1949): *O cancionero de Joan Zorro. Aspectos lingüísticos, texto crítico, glossário* (Rio de Janeiro). Reproducido en Gonçalves, E. (1999), *Celso Cunha. Cancioneiros dos Trovadores do Mar*: 161-296 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Cunha, C. Ferreira da (1956): *O cancionero de Martin Codax* (Rio de Janeiro). Reproducido en Gonçalves, E. (1999), *Celso Cunha. Cancioneiros dos Trovadores do Mar*: 311-508 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- De Lollis, C. (1887): “Cantigas de Amor e de Maldizer di Alfonso el Sabio Re di Castiglia”, *Studj di Filologia Romanza*, 1: 31-66.
- Dionísio, J. (1993a): s.v. “Braga, Teófilo”, en *DLMGP*: 109-111.
- Dionísio, J. (1993b): s.v. “Lapa, Manuel Rodrigues”, en *DLMGP*: 380-383.
- DLMGP* = Lanciani, G. / Tavani, G. (orgs.) (1993): *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (Lisboa: Caminho).
- Fernández Pousa, R. (1953): “Cancionero gallego de Pedro Garcia Burgales”, *Revista de Literatura*, 4,7: 123-160.
- Fernández Pousa, R. (1954): “Cancionero gallego del trovador Ayra Núñez”, *Revista de Literatura*, 5: 219-250.
- Fernández Pousa, R. (1956): “Cancionero gallego del trovador Pero da Ponte”, *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 62,3: 803-840.
- Fernández Pousa, R. (1959): “Cancionero gallego de Joán Airas, burgués de Santiago (s. XII-XIII)”, *Compostellanum*, 4,2: 251-290; 4,4: 615-673.



- Franco, H. Jr. / Vieira, Y. Frateschi / Mongelli, L. M. de Medeiros (2008): “Estudos medievais no Brasil”, *Revista de Poética Medieval*, 21: 177-219.
- Fraschino, S. (1930): “Per il canzoniere portoghese della Biblioteca vaticana”, *Zeitschrift für romanische Philologie*, 50: 98-100.
- Gassner, A. (1933): “Zwanzig Lieder des Joan Ayra de Santiago”, *Revista da Universidade de Coimbra*, 11: 385-418.
- Gonçalves, E. (1972): “*Cantigas d’escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, 2.<sup>a</sup> Edição, revista e acrescentada pelo Prof. M. Rodrigues Lapa, [Vigo], Editorial Galaxia, 1970, pp. IX-653 + 111 (Colección Filolóxica). Le ultime 111 pp. contengono: M. Rodrigues Lapa, *Vocabulário Galego-Português*, extraído da edição crítica das “*Cantigas d’escarnho e de mal dizer*””, *Cultura Neolatina*, 32,1: 153-164.
- Gonçalves, E. (1993): s.v. “Cunha, Celso Ferreira da”, en *DLMGP*: 196-199.
- Gonçalves, E. (1999): *Celso Cunha. Cancioneiros dos Trovadores do Mar* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Gonçalves, E. (2007): “Sobre edições da lírica galego-portuguesa: uma reflexão”, en *Edição de Texto. II Congresso Virtual do Departamento de Literaturas Românicas. Textual editing. Second Virtual Congress of the Romance Literature Department*, Lisboa, 16 e 20 de Abril de 2007.
- Jensen, F. (1993): s.v. “Lang, Henry R.”, en *DLMGP*: 379-380.
- Jornal do Brasil*, 22 de xullo de 1966 (<http://news.google.com/newspapers?nid=1246&dat=19660722&id=Lw5XAAAIAIAJ&sjid=A-8DAAAIAIAJ&pg=4317,1914105>).
- Lanciani, J. (1993): s.v. “Monaci, Ernesto”, en *DLMGP*: 464-465.
- Lang, H. R. (1972) [1892, 1894]: *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal* (Hildesheim-New York: Georg Olms Verlag). Reimpresión da edición de Halle: Max Niemeyer, 1894; 1<sup>a</sup> ed. *Cancioneiro d’El Rei Dom Denis*, Halle, 1892. A edición está agora dispoñible en Mongelli, L. M. / Vieira, Y. Frateschi (2010), *Henry R. Lang. Cancioneiro d’El Rei Dom Denis e estudos dispersos*: 51-380 (Niterói: EdUFF).
- Lang, H. R. (1908): “Zum Cancioneiro da Ajuda”, *Zeitschrift für romanische Philologie*, 32: 129-160, 290-311, 385-399, 640, agora traducido como “Sobre o Cancioneiro da Ajuda”, en Mongelli, L. M. / Vieira, Y. Frateschi (2010), *Henry R. Lang. Cancioneiro d’El Rei Dom Denis e estudos dispersos*: 383-454 (Niterói: EdUFF).

- Lapa, M. Rodrigues (1965a) [1929]: “O texto das cantigas d’amigo”, *Miscelânea de língua e literatura portuguesa medieval*: 9-50 (Rio de Janeiro: Instituto Nacional do Livro-Ministério da Educação e Cultura). Publicado inicialmente en *A Língua Portuguesa*, 1, 1929.
- Lapa, M. Rodrigues (1965b) [1933-1934]: “Armando Cotarelo Valledor, *Los hermanos Eans Mariño, poetas gallegos del siglo XIII*”, *Miscelânea de língua e literatura portuguesa medieval*: 244-247 (Rio de Janeiro: Instituto Nacional do Livro-Ministério da Educação e Cultura). Publicado inicialmente en *Boletim de Filologia*, 2, 1933-1934: 382-384.
- Lapa, M. Rodrigues (1965c): *Cantigas d’escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses* (Vigo: Galaxia) [2ª edición, Vigo: Galaxia, 1970; 3ª edición, ilustrada, Vigo-Lisboa: Ir Indo-Edições João Sá da Costa, 1995].
- López, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Machado, E. Paxeco-Machado, J. P. (1949-1964): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Antigo Colocci-Brancuti)*. 8 vols. (Lisboa: Edição da Revista de Portugal).
- Magne, A. (1931): “Um trovador do período post-dionisiano. Dom Afonso Sanches [1279-1329]”, *Revista de Philologia e de Historia*, 1: 58-88.
- Mettmann, W. (1966): “Zu Text und Inhalt der altportugiesischen *Cantigas d’escarnho e de mal dizer*”, *Zeitschrift für romanische Philologie*, 82: 308-319.
- Michaëlis = Vasconcelos, C. Michäelis de (véxase *infra*).
- Molteni, E. (1880): *Il Canzoniere Portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il codice Vaticano 4803* (Halle: Max Niemeyer).
- Monaci, E. (1875): *Il Canzoniere Portoghese della Biblioteca Vaticana* (Halle: Max Niemeyer).
- Monaci, E. (1910-1913): *Facsimili di documenti per la storia delle lingue e delle letterature romanze*. Fasc. II, 1913 (Roma: Domenico Anderson Editore).
- Monaci, E. (1881-1892): *Facsimili di antichi manoscritti per uso delle scuole di Filologia Neolatina* (Roma).
- Mongelli, L. M. / Vieira, Y. Frateschi (2010): *Henry R. Lang. Cancioneiro d’El Rei Dom Denis e estudos dispersos* (Niterói: EdUFF).
- Monteagudo Romero, E. (1984) [edición facsimilar]: “Prólogo”, “Apéndice I: Textos e Notas”, “Apéndice II: Cadros e Bibliografía”, en *A. Cotarelo Valledor. Cancionero de Payo Gómez Chariño, almirante y poeta (siglo XIII)*. Madrid:

- Librería General de Victoriano Suárez, 1934*: IX-XXIII, 305-372, 373-381 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo* (Vigo: Galaxia).
- Moura, C. Lopes de (1847): *Cancioneiro d' ElRei D. Diniz, pela primeira vez impresso sobre o manuscrito da Vaticana, com algumas notas illustrativas, e uma prefação historico-litteraria* (Pariz: Em casa de J. P. Aillaud).
- Nobiling, O. (1903): "Zur Interpretation des Dionysischen Liederbuchs", *Zeitschrift für romanische Philologie*, 27: 186-192; tradución en "Acerca da Interpretación do Cancioneiro de D. Denis", en Vieira, Y. Frateschi (2007), *Oskar Nobiling. As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*: 165-171 (Niterói: EdUFF).
- Nobiling, O. (1907): "Zu Text und Interpretation des "Cancioneiro da Ajuda"", *Romanische Forschungen*, 23: 339-385; tradución en "Acerca do Texto e da Interpretación do Cancioneiro da Ajuda", en Vieira, Y. Frateschi (2007), *Oskar Nobiling. As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*: 173-218 (Niterói: EdUFF).
- Nobiling, O. (1908-1909): "Carolina Michaëlis de Vasconcellos, Cancioneiro da Ajuda. Edição crítica e commentada. Bd. I und II. Halle, 1904, xxviii, 924 e 1001", *Archiv für das Studium der neueren Sprachen und Literaturen*, 121: 197-208; 122: 193-206; tradución en "A Edição do Cancioneiro da Ajuda, de Carolina Michaëlis de Vasconcelos", en Vieira, Y. Frateschi (2007), *Oskar Nobiling. As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*: 219-256 (Niterói: EdUFF).
- Nobiling, O. (1908) [1907]: "As Cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade, Trovador do século XIII", *Romanische Forschungen*, 25: 641-719. Presentado como tese de doutoramento na Universidade de Bonn, en 1907: *Die Lieder des Troubadors D. Joam Garcia de Guilhade (13. Jahrhundert), kritische Ausgabe mit Anmerkungen und Einleitung*, Erlangen: Junge und Sohn, o traballo está recollido tamén en "As Cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade, Trovador do Século XIII", en Vieira, Y. Frateschi (2007), *Oskar Nobiling. As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*: 39-143 (Niterói: EdUFF).
- Nunes, J. J. (1919, 1922): "Don Pero Gomez Barroso trovador português do século XIII", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 11: 265-268, 321-325; 12: 7-10.
- Nunes, J. J. (1931): "Cantigas de Martim Codax: presumido jogral do século XIII", separata de *Revista Lusitana*, 29. Disponível en <http://www.cervantesvirtual>.

com/obra-visor/cantigas-de-martim-codax-presumido-jogral-do-seculo-xiii--0/html/ffd39608-82b1-11df-acc7-002185ce6064\_3.html#I\_1\_.

- Nunes, J. J. (1971) [1932]: *Cantigas d'Amor dos trovadores galego-portugueses. Edición crítica acompañada de introdução, comentário, variantes, e glossário* (New York: Kraus Reprint C.O.).
- Nunes, J.J. (1973) [1926-1928]: *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses. Edición crítica acompañada de introdução, comentário, variantes, e glossário*. 3 vols. (Lisboa: Centro do Livro Brasileiro).
- Panunzio, S. (1992) [1967]: *Pero da Ponte. Poesías* (Vigo: Galaxia) [1ª ed. en italiano, *Pero da Ponte. Poesie*, 1967 (Bari: Adriatica Editrice)].
- Pellegrini, S. (1928): "I "lais" portoghesi del codice vaticano lat. 7182", *Archivum Romanicum*, 12: 303-317, recollido posteriormente en Pellegrini, S. [1959], "I "lais" portoghesi del codice vaticano lat. 7182", en *Studi su trove e trovatori della prima lirica ispano-portoghese*: 184-199 (Bari: Adriatica Editrice).
- Pellegrini, S. (1930): "Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses. Edición crítica acompañada de introdução, comentário, variantes e glossário por José Joaquim Nunes. Vol. I (Introdução), Coimbra, Imprensa da Universidade, 1928, 16º, pp. XIV-497. Vol. II (Texto), *ibidem*, 1926, 16º, pp. XVI-471. Vol. III (Comentário, variantes e glossário), *ibidem*, 1928, 16º, pp. VIII-728", *Archivum romanicum*, 14: 275-322; recollido posteriormente, se ben de modo parcial, en Pellegrini, S. [1959], "Intorno alle "cantigas d'amigo"", en *Studi su trove e trovatori della prima lirica ispano-portoghese*: 23-63 (Bari: Adriatica Editrice).
- Pellegrini, S. (1939): *Repertorio bibliografico della prima lirica portoghese* (Modena: Società Tipografica Modenese).
- Pellegrini, S. / Marroni, G. (1981): *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica galego-portoghese (1814-1977)* (L'Aquila: Japadre Editore).
- Pinto-Correia, J. D. (1993): s.v. "Varnhagen, Francisco Adolfo de", en *DLMGP*: 645-646.
- Placer, G. (1943): "Airas Nunes (Poeta compostelano del siglo XIII)", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 23: 411-431.
- Placer, G. (1945): "Pero de Armea, poeta gallego del siglo XIII", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 24: 396-412.
- Pulsoni, C. (2006): "Il *Cancioneiro da Ajuda* e dintorni", en Beltrán, V. / Simó, M. / Roig, E. (eds.), *Trobadors a la Península Ibèrica. Homenatge al Dr. Martí de Riquer*: 285-310 (Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat).

- Ramos, M. A. (2004): “O cancionero ideal de D. Carolina”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*: 13-40 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Ramos, M. A. (2007): “A edición diplomática do *Cancioneiro da Ajuda*”, en *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edición Diplomática de Henry H. Carter*: 7-37 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Realì, E. (1966): “*Cantigas d’escarnho e de mal dizer dos cancioneros medievais galego-portugueses*. Edición crítica pelo prof. Manuel Rodrigues Lapa. Santiago de Compostela-Coimbra, Editorial Galaxia 1965, pp. XIX-764”, *Annali dell’Istituto Universitario Orientale di Napoli – Sezione Romanza*, 8,2: 327-336.
- Roncaglia, A. (1993): s.v. “Ruggieri Scudieri, Jole”, en *DLMGP*: 596.
- Ruggieri, J. (1927): “Le varianti del canzoniere portoghese Colocci Brancuti nelle parti comuni al Codice Vaticano 4803”, *Archivum Romanicum*, 9: 459-510.
- Ruggieri, M. R. (1969): *La filologia romanza in Italia (Capitoli di storia retrospettiva)* (Milano: Marzorati Editore).
- Sansone, G. E. (1974) [1954]: “Note testuali a una nuova edizione del canzoniere portoghese Colocci-Brancuti”, en *Saggi Iberici*: 271-293 (Bari: Adriatica Editrice). Publicado inicialmente en *Filologia Romanza*, 1, 1954: 89-101.
- Silva, J. M. da Costa e (1850): *Ensaio biographico-critico sobre os melhores poetas portuguezes*. Tomo I (Lisboa: Na Imprensa Silvana).
- Stegagno Picchio, L. (1960): “In margine all’edizione di antichi testi portoghesi”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 8: 255-273, posteriormente recollido en Stegagno Picchio, L. (1979), *A lição do texto. Filologia e literatura. I. Idade Média*: 238-260 (Lisboa: Edições 70).
- Stegagno Picchio, L. (1980): “Sulla lirica galego-portoghese: un bilancio”, en D’Heur, J. M. / Cherubini, N. (eds.), *Études de Philologie Romane et d’Histoire Littéraire offertes à Jules Horrent à l’occasion de son soixantième anniversaire*: 333-350 (Liège: s. n.).
- Stuart, Ch. (1823): *Fragmentos de hum Cancioneiro inedito que se acha na Livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa*, impresso á custa de Carlos Stuart, socio da Academia Real de Lisboa (Paris: No Paço de Sua Magestade Brittanica).
- Tavani, G. (1964) [1959, 1962]: *Lourenço. Poesie e tenzoni* (Modena: Società Tipografica Editrice Modenese) [1ª ed. en *Cultura Neolatina*, 19, 1959: 5-33; 22, 1962: 62-113].

- Tavani, G. (1986), “Filologia e crítica textual na edición das cantigas medievais”, en *Critique textuelle portugaise. Actes du Colloque, Paris, 20-24 octobre 1981*: 29-39 (Paris: Fondation Calouste Gulbenkian, Centre Culturel Portugais).
- Tavani, G. (1992) [1963]: *A poesía de Airas Nunez*, Vigo: Galaxia [1ª ed., en italiano, *Le Poesie di Airas Nunez*, 1963 (Milano: Ugo Merendi Editore)].
- Tavani, G. (1997): *Lezioni sul testo* (L'Aquila-Roma: Japadre Editore).
- Tavani, G. (1998): “Amanuensi ed editori: l'incomprensione del testo”, en Kremer, D. (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*: 81-93 (Vigo: Galaxia).
- Tavani, G. (2004): “Carolina Michaëlis e a crítica do texto, cen anos despois da edición de Halle”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*: 55-65 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Varnhagen, F. A. de (1849): *Trovas e Cantares de um Codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, “O Livro das Cantigas” do Conde de Barcellos* (Madrid: Na imprensa de D. Alexandro Gomes Fuentenebro).
- Varnhagen, F. A. de (1850): *Post Scriptum. Notas* (Madrid: s. n.).
- Varnhagen, F. A. (1868): *Novas Paginas de Notas ás “Trovas e Cantares”, isto é á edición de Madrid do Cancioneiro de Lisboa, atribuído ao Conde de Barcellos* (Viena: G. Gerold).
- Varnhagen, F. A. de (1870): *Cancioneirinho de Trovas Antigas colligidas de um grande Cancioneiro da Bibliotheca do Vaticano, precedido de uma noticia critica do mesmo grande Cancioneiro, com a lista de todos os trovadores que comprehende, pela maior parte portuguezes e galegos* (Vienna: Typographia I. E. R. do E. E. da Corte).
- Vasconcelos, C. Michaëlis de (1895): “Zum Liederbuch des Königs Denis von Portugal”, *Zeitschrift für romanische Philologie*, 19: 513-541, 578-615.
- Vasconcelos, C. Michaëlis de (1900): “Lais de Bretanha”, *Revista Lusitana*, 6: 1-43.
- Vasconcelos, C. Michaëlis de (1990) [1904]: *Cancioneiro da Ajuda*. 2 vols. (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda) [1ª ed. Halle: Max Niemeyer, 1904].
- Vasconcelos, C. Michaëlis de (1915): “A propósito de Martim Codax e das suas cantigas de amor”, *Revista de Filología Española*, 2: 258-273 (disponíble en <http://es.scribd.com/doc/76755185/Revista-de-Filologia-Espanola-Tomo-II>).

- Vasconcelos, J. Leite de (1902): “Tenção entre D. Affonso Sanchez e Vasco Martins”, *Revista Lusitana*, 7: 145-147.
- Veiga, C. (1978): “Sobrevivência de um escritor – Caetano Moura”, *Universitas*, 19: 29-43 [http://www.portalseer.ufba.br/index.php/universitas/article/viewFile/1211/818; última consulta, 31 de outubro de 2009].
- Vieira, Y. Frateschi (2004): “Introdução”, en Vieira, Y. Frateschi / Rodríguez, J. L. / Morán Cabanas, M. I. / Souto Cabo, J. A. (2004), *Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos*: 5-20 (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Vieira, Y. Frateschi (2007): *Oskar Nobiling. As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos* (Niterói: EdUFF).
- Vieira, Y. Frateschi (2009): “Os estudos medievais no Brasil: peso (ou leveza) de uma tradição”, en Pontes, R. / Martins, E. Dias (orgs.), *Anais. VII EDEM-Encontro Internacional de Estudos Medievais. Idade Média: permanência, atualização, residualidade*: 75-85 (Fortaleza-Rio de Janeiro: UFC-ABREM).
- Vieira, Y. Frateschi / Rodríguez, J. L. / Morán Cabanas, M. I. / Souto Cabo, J. A. (2004): *Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos* (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Vindel, P. [D. L. D’Orvenipe] (1914): “Las siete canciones de la enamorada. Poema musical por Martín Codax, juglar del siglo XIII”, *Arte español*, 3,1: 27-31 (disponible en <https://ruidera.uclm.es/xmlui/bitstream/handle/10578/475/1914.%20N%c2%ba%201.pdf?sequence=>).
- Vindel, P. (1915): *Martin Codax. Las siete canciones de amor, poema musical del siglo XII, publicase en facsímil, ahora por primera vez, con algunas notas recopiladas por Pedro Vindel* (Madrid: Imprenta de la Sucesora de M. Mimesa de los Rios).